

# 1º CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “MIRANDO A GUARDA”

## 1. OBXECTO

O Concello da Guarda convoca para o exercicio 2024 o I Concurso de Fotografía “Mirando a Guarda”, tendo como obxectivo o recoñecemento e difusión das artes da imaxe, en especial da fotografía como forma de expresión artística.

## 2. REQUISITOS DOS PARTICIPANTES

O concurso está aberto a todos os residentes no estado español, interesados no campo da fotografía que presenten obra propia e orixinal para este certame.

A orixinalidade da obra e a súa autoría xustificárase mediante unha declaración responsable manifestando ser a persoa autora e titular de todos os dereitos.

En consecuencia, o Concello da Guarda non se fará responsable das posibles denuncias por plaxio, vulnerabilidade da propiedade intelectual ou eventualidade similar que puideran xurdir, recaendo na persoa participante afectada as accións legais que procedan e, de ser o caso, as indemnizacións que puideran corresponder polos prexuízos ocasionados a particulares ou á organización.

## 3. PRAZO DE ENTREGA

Admisión das obras: dende o día seguinte ao da publicación destas bases na web [www.aguarda.es](http://www.aguarda.es) ata o 15 de xuño de 2024 ás 24:00 horas.

Veredicto público: 30 de xuño de 2024.

## 4. SECCIÓNS OU MODALIDADES

Establécense as seguintes categorías de participación:

- a) “Premio COSTIÑA”, para fotografías en Branco e negro, de temática libre.
- b) “Premio MAZARACOS”, para fotografías en cor que promocionen a vila da Guarda.
- c) “Premio LIBERTIMAXE”, admitindo calquera temática, incluída a fotomontaxe.

Poderase entregar un máximo dunha imaxe por cada categoría e persoa participante

## 5. FORMA DE ENTREGA.

As fotografías deberán presentarse exclusivamente en formato dixital, xunto coa inscrición que figura no ANEXO I. As fotografías participantes e a inscrición asinada remitiranse ao correo [cultura@aguarda.es](mailto:cultura@aguarda.es)

Os participantes deben recibir resposta ao seu correo electrónico confirmando a recepción da proposta.

As fotografías deberán presentarse en formato JPG, espazo de cor sRGB, cunha medida máxima de arquivo de 5Mb por fotografía e unhas dimensións máximas de 2.400 píxeles polo lado máis longo; e resolución de 240 ppp. Rexeitaranse automaticamente as imaxes que superen estes parámetros e dimensións.

Non se admitirán marcas de auga, ribetes ou outras formas de enmarcado da imaxe.

As imaxes deberán ter un único título, non sendo admitidas frases como “Sen título” ou

nomes de arquivos fotográficos.

Cada autor poderá presentar o máximo dunha obra por cada sección, é dicir, un máximo de tres. As fotografías presentadas non deben obter premio en edicións anteriores deste concurso ou doutros. A organización non se fai responsable das perdas ou deterioracións que se poidan producir nos arquivos, os cales serán tratados de forma adecuada.

## **5.XURADO.**

Estará formado por persoas de recoñecida solvencia dentro do ámbito fotográfico, sendo o seu fallo inapelable.

O Concello da Guarda separará as fotografías achegadas da ficha de inscrición facilitando ao Xurado somentes as imaxes e non a identificación dos fotógrafos.

## **6. PREMIOS.**

Establecerase un premio á mellor fotografía e catro finalistas en cada categoría.

- BRANCO E NEGRO “Premio COSTIÑA” á mellor fotografía 250 € e diploma.
- COR “Premio MAZARACOS” á mellor fotografía 250 € e diploma.
- LIBRE “Premio LIBERTIMAXE” á mellor fotografía 250 € e diploma.

Os catro finalistas de cada categoría recibirán un diploma pola súa participación.

Tralo fallo, farase unha reprodución das 15 fotografías gañadoras para ser expostas na Praza de Avelino Vicente do 15 de xullo ao 15 de agosto de 2024.

## **7. NOTA FINAL.**

Ningún autor poderá recibir máis dun premio. Toda obra que non cumpra cos requisitos indicados será automaticamente descualificada.

Os autores ceden os dereitos á organización do concurso, para a publicación e difusión das imaxes premiadas e finalistas, e para o uso promocional do concurso, a exposición e o concurso en próximas edicións. Os gañadores e finalistas aceptan a reprodución gratuíta das súas imaxes en medios de comunicación co obxectivo de difundir os resultados do concurso, sempre facendo constar o nome do autor. Tamén autorizan a publicación do seu nome como finalista ou gañador.

O autor de obras concursantes, recoñécese como autor das mesmas e de pleno dereito sobre elas para autorizar que estas sexan expostas e publicadas en catálogos, web, cedendo este dereito á organización, eximindo a esta de calquera responsabilidade por dereitos de imaxe a terceiros ou outra incidencia xurdida, non reflectida nas mesmas, será resolta pola organización.

A participación no presente concurso implica a total aceptación das presentes bases